



### CONCELLOS

#### ABADÍN

##### Anuncio

Exposición pública e anuncio de cobranza - Padrón Fiscal Servizo de Axuda no Fogar

A Xunta de Goberno Local do Concello de Abadín en sesión ordinaria celebrada o 16.12.2024 aprobou inicialmente o padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de novembro de 2024, tanto na modalidade básica como de dependencia.

Segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao seu pagamento, que dispoñen dun prazo de QUINCE (15) días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde - Presidente, no prazo de UN (1) mes, contado desde a data de finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia. Contra a resolución do recurso de reposición, non caberá de novo dito recurso.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

#### Anuncio de cobranza

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, DOUS (2) meses a contar dende o día ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias designadas. Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo fiscal do suxeito pasivo por correo postal para que poidan efectuar o seu pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso, das costas do procedemento.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da devandita Lei 58/2003.

Abadín, 17 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, José María López Rancaño.

R. 0009

### BALEIRA

##### Anuncio

O Sr. Alcalde do Concello de Baleira en data 30/12/2024 aprobou os padróns das taxas pola prestación do servizo de abastecemento de auga, recollida de lixo, taxa de alcantarillado e canon da auga correspondentes

**6º bimestre do 2024.** Durante o prazo de 15 días os padróns estarán expostos ao público nestas oficinas municipais para o seu exame e posibles reclamacións.

Contra o acordo de aprobación do referido padrón e as liquidacións incorporadas a el poderase interpor recurso de reposición ante O Sr. Alcalde, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interporse recurso contencioso administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo de un mes dende a presente publicación.

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 01/01/2025 e 28/02/2025 ámbolos dous inclusive. Aos contribuíntes que teñan domiciliados os recibos seranlles cargados nas súas respectivas contas bancarias a partir do día 01/01/2025. Ao resto dos contribuíntes deberán acudir ás oficinas municipais onde se lles facilitarán os correspondentes recibos para efectuar o pago.

Transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario as débedas serán esixidas por vía de constrinximento **(no caso do canon da auga pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia)** e devengarán os correspondentes recargos do período executivo, xuros de demora e, no seu caso, costas que se produzan.

Publica-la aprobación do padrón e o anuncio de cobranza no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e Taboleiro de Edictos do Concello. Ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, a publicación terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Baleira, 30 de decembro de 2024.- O Alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 0010

## BECERREÁ

### Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións no expediente de modificación de crédito do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito (MC 24/2024 SC 05/2024), aprobado inicialmente en sesión plenaria celebrada o día 28/11/2024 por importe de 24.787,12euros, o mesmo considérase definitivamente aprobado, e se procede a súa inserción no Boletín Oficial da Provincia conforme ao disposto no artigo 169.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo.

#### ALTAS EN CONCEPTO DE GASTOS

APLICACION ORZAMENTARIA	CONCEPTO	IMPORTE
2311.22799	Centro Social. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	37% 2.696,23
312.22799	Centro de saúde. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	5% 364,26 €
323.22799	Funcionamiento centro preescolar, primaria especial (CEIP). Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	48% 3.497,82
920.22799.	Administración Xeral. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	5% 364,26 €
3321.22799	Telecentro. Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais	5% 364,26 €
342.22100	Instalaciones deportivas. enerxía eléctrica.	6.000,00
342.22110	Instalaciones deportivas. Productos de limpeza y aseo	1.500,00
4311.210	Infraestructuras y beines naturales. Ferias. Reparaciones en mercado ganadero	500,00
920.216	Administracion xeral. Equipos para proceso da informacion.	7.000,00
920.623	Administracion xeral. maquinaria, instalacions tecnicas y utillaje	2.500,00
<b>TOTAL</b>		<b>24.787,12</b>

**ALTAS EN CONCEPTO DE INGRESOS**

Partida	Importe	Concepto
870.00	24.787,12	Remanente líquido de tesoureira para gastos xerais
<b>TOTAL</b>		<b>24.787,12 €</b>

Becerreá, 31 de decembro de 2024.- O Alcalde-Presidente, D. Manuel Martínez Nuñez.

R. 0008

**BÓVEDA***Anuncio*

Polo Pleno da Corporación Local, na sesión ordinaria celebrada o 30/12/2024, aprobouse a nova Relación de Postos de Traballo do Concello de Bóveda (Lugo), e de conformidade co disposto nos artigos 38 e 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, sométese o expediente a información pública por prazo de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado o documento por calquera persoa interesada nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes.

A Relación de Postos de Traballo considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións, suxestións ou alegacións; en caso contrario, deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das mesmas polo Pleno da Corporación Local.

Bóveda, 2 de xaneiro do 2025.- O Alcalde-Presidente, D. José Manuel Arias López.

R. 0011

**SAMOS***Anuncio*

Finalizado ó prazo de exposición ó público da modificación da ordenanza fiscal núm. 7, aprobada provisionalmente polo Pleno da Corporación en sesión extraordinaria de data 08 de novembro de 2024, sen que se presentaran reclamacións, dito acordo queda elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo plenario. De conformidade co disposto no artigo 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público para xeral coñecemento.

Contra a ordenanza fiscal poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas reguladoras da dita xurisdicción.

O texto integro do acordo e da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

Samos, 2 de xaneiro de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

“SEGUNDO.- MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS, MONDA DE POZOS NEGROS E LIMPEZA EN RÚAS PARTICULARES.

Toma a palabra a Sra. Alcaldesa e dá lectura a proposta de alcaldía, cuxo teor literal é o seguinte:

“Vista a “Ordenanza Fiscal nº 7 reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbáns, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares publicada definitivamente no BOP de Lugo nº 298 en data 29/12/2008 con modificación publicada definitivamente no BOP de Lugo nº 289 en data 17/12/2015.

Visto que do exame da contabilidade municipal unha vez liquidado o ano 2023, e tendo en conta o incremento previsto do canón de SOGAMA, se evidencia un descuadre entre os custes do servizo regulado na citada Ordenanza e os ingresos recaudados por ditos conceptos, facéndose necesario un incremento das cotas anuais, polo que se fai necesario modificar a citada Ordenanza Fiscal nos termos expostos.

Visto o informe de Secretaria-Intervención sobre á lexislación aplicable e o procedemento a seguir .

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da Lei de Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 20.3 n) en relación co disposto nos

artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais .

ESTA ALCALDIA PROPON AO PLENO DO CONCELLO DE SAMOS, órgano competente en virtude do disposto no artigo 22.2 e) da Lei 7/ 85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, previo informe da COMISION ESPECIAL DE CONTAS , A ADOPCION DO SEGUINTE ACORDO :

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbáns, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares. que se achega con esta proposición.

Segundo.- Expor este expediente ao público, mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar alegacións ante o pleno .

Terceiro .- O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante ese prazo non se presentan reclamacións ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 173 do Real Decreto Lexislativo, 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais.

Cuarto.- Publicar o Acordo definitivo, ou provisional elevado automaticamente a tal categoría, así como o texto íntegro da Ordenanza ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia.

Quinto.- De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Ordenanza Fiscal coas modificacións introducidas entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBÁNS, TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DOS MESMOS, MONDA DE POZOS NEGROS E LIMPEZA EN RÚAS PARTICULARES.

Modifícase o artigo 6, que quedaría como segue:

“Artigo 6º.- Cota tributaria.

...

2. Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:

CONCEPTO	COTA ANUAL (EUROS)
Epígrafe 1º.- Vivendas.	
Por cada vivenda	100,91
Epígrafe 2º.- Aloxamentos.	
A) Centros benéficos.	100,91
B) Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos de cinco e catro estrelas	492,45
C) Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos e hostais de tres e dúas estrelas.	371,36
D) Hoteis, moteis, hoteis-apartamentos e hostais dunha estrela.	248,25
E) Pensións e casas de hóspedes, centros hospitalarios, colexios e demais Centros de natureza análoga.	248,25
Epígrafe 3º.- Establecementos de alimentación.	
A) Supermercados, economatos e cooperativas.	149,35
B) Almacenes por xunto de froitas, verduras e hortalizas.	149,35
C) Peixarías, carnicerías e similares.	149,35
Epígrafe 4º.- Establecementos de restauración.	
A) Restaurantes.	199,80
B) Cafeterías.	173,57
C) Whisquerías e pubs.	173,57
D) Bares.	173,57
E) Tabernas.	173,57

Epígrafe 5º.- Outros locais industriais ou mercantís.

A) Oficinas bancarias. 149,35

B) Demais locais non expresamente tarifados. 149,35

Epígrafe 6º.- Despachos profesionais.

Por cada despacho. 125,14”

Visto o ditame da Comisión Especial de Contas en sesión de data 05/11/2024, que en extracto é: “.....voto a favor da maioría dos Sres. Concelleiros asistentes ( dos votos a favor dos Concelleiros do BNG, o voto a favor do Concelleiro do PSOE e o voto en contra dos dous ( 2 ) concelleiros do PP, sendo cinco o número legal de membros) en votación ordinaria DICTAMINA favorablemente a Proposta de Alcaldía.”

Vistas as seguintes intervencións:

O voceiro do grupo municipal do PP pregunta se é legal o contrato actual.

A alcaldesa responde que si.

O voceiro do grupo municipal do PP dí se vai tomar medidas o Concello ca suba do 16%, porque non tódolos veciños poden pagar, e pregunta se hai algunha bonificación.

A alcaldesa responde que a día de hoxe non podemos sacar bonificacións, salvo que Sogama axuste as súas taxas, entón si aplicaríamos bonificación.

O voceiro do grupo municipal do PP pregunta se o contrato está caducado e se vai haber contrato novo.

Resposta a alcaldesa que sí está caducado, pero que para facer un novo hai que míralo con máis concellos para ser mais eficiente e mellor de prezo, e iso non leva unhos meses, e que ese contrato xa estaba caducado de antes de entrar esta corporación.

O Pleno do Concello co voto a favor da maioría dos membros da Corporación, o voto a favor dos tres ( 3 ) concelleiros do grupo municipal do BNG, e dos dous ( 2 ) concelleiros do grupo municipal socialista , e co voto en contra dos catro ( 4 ) concelleiros do grupo municipal do PP, adopta o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente á modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbáns, tratamento e eliminación dos mesmos, monda de pozos negros e limpeza en rúas particulares. que se achega con esta proposición.

SEGUNDO.- Expoñer este expediente ao público, mediante anuncio inserto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar alegacións ante o pleno .

TERCEIRO.- O expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante ese prazo non se presentan reclamacións ao expediente, de conformidade co disposto no artigo 173 do Real Decreto Legislativo, 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley Reguladora das Facendas Locais.

CUARTO.- Publicar o Acordo definitivo, ou provisional elevado automaticamente a tal categoría, así como o texto íntegro da Ordenanza ou da súa modificación no Boletín Oficial da Provincia.

QUINTO.- De conformidade co disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, do 26 de abril, reguladora das bases de réxime local, a Ordenanza Fiscal coas modificacións introducidas entrará en vigor a partir da publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, será de aplicación a partir do día seguinte ao da súa publicación e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

R. 0012

## O VALADOURO

### Anuncio

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria celebrada o día 06 de novembro de 2024, aprobou inicialmente a modificación do regulamento sobre control presencial dos empregados do Concello do Valadouro. De conformidade co perceptuado no artigo 49 da Lei 7/85, de 02 de Abril, reguladora de bases de réxime local, sométese a información pública e audiencia aos interesados pro prazo de trinta días a efectos de reclamación e suxestións.

No caso de que non se tivera presentado ninguna reclamación ou suxestión, enetenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

O Valadouro, 2 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, José Manuel Lamela Piñeiro.

R. 0013

## VIVEIRO

### Anuncio

Con data de 30 de decembro do 2024, por Resolución de Alcaldía, procédese á aprobación do seguinte padrón fiscal:

Tributo	Exercicio	Importe
Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa (terrazas ano 2024)	2024	67.809,87-€

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante o Alcalde. Se o recurso non se resolvase no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

#### Anuncios de cobranza:

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **10 de xaneiro de 2025** ata o **10 de marzo de 2025**, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderan aboar os seus recibos en calquera oficina de ABANCA corporación bancaria S.A. e Caixabank SA. (A Caixa) dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán presentarse a partir do 24 de xaneiro de 2025 na oficina de Recadación do Concello de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas da entidades antes indicadas.
- A domiciliación da "Taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras e outros elementos análogos con finalidade lucrativa"(Terrazas 2024) implicara o seu fraccionamento en tres períodos, de xeito que o primeiro cargo realizarase o 21 de xaneiro de 2025 polo importe do 33,33% do recibo, o segundo cargo o día 21 de marzo de 2025 polo importe do 33,33% do recibo eo terceiro cargo o día 21 de abril de 2025 polo restante 33,33% do recibo. A devolución do primeiro cargo por parte da entidade financeira implicará que o suxeito pasivo queda obrigado ó pagamento da totalidade do recibo antes de que remate o período voluntario de pagametro, perdendo a posibilidade do fracionamento do segundo e terceiro cargo.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación.
- Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento e devengarán as debidas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26 e 28 da Lei Xeral Tributaria e se é o caso, as custas que se produzan.

Viveiro, 30 de decembro de 2024.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 0014